

Os corpos fráxiles



1.ª edición, 1.ª impresión, 2024

© Sofía Ruvira, 2024

Aira, 2024

© Follas Voadoras, SL

Praza da Torre Lombarda, 1 Baixo
32660 Allariz

contacto@airaeditorial.gal

Entra en airaeditorial.gal e coñece todas as vantaxes
de subscribirte ao CLUB AIRA

Deseño da tapa: David Calviño

Impresión: La Imprenta CG

ISBN: 978-84-128581-9-8

DL: OU 148 -2024

Axúdanos a manter en pé o ecosistema do libro. Se necesitas
fotocopiar ou escanear algún fragmento deste libro, comunícatelo
co Centro Español de Dereitos Reprográficos (CEDRO):
conlicencia.com.

Reservados todos os dereitos. Esta obra está protexida pola lei.

OS CORPOS FRÁXILES

SOFÍA RUVIRA



Aíra

*Á miña avoa Conchita,
que sempre estará comigo malia que non estea.*

CAPÍTULO 1

Ela mete a culler na boca cunha man mentres coa outra suxeita o iogur como pode, co pulso a tremer. Os seus dedos son longas restras de osiños, cheas de engurras —nalgúns dedos leva aneis— que se entrelazan na culler ou no vaso. Deixa o vaso de iogur na bandexa e limpa a boca, logo mira cara a min e sorrí. Eu sorríolle de volta, abro a boca e estiro os beizos.

Na fiestra, unha mosca anda a bater pelexada contra o cristal que a apresa, en zigzague, movendo as ás, zumbando. Decátome de que morrerá cedo se ninguén lle abre. O sol esfiáñase ao lonxe, deixando un ronsel laranxa no ceo, logo afúndese e o negro cóbreo todo. Escoito de fondo xente na tele, ruminacións de persoas que se pisan ao falar. Logo dun chisco, o telexornal da noite seguido dos deportes.

Ela aínda non rematou o iogur, unha porción quédalle nos beizos. Érgome, límpoa, pasándolle a servilleta ao redor da boca, e logo volvo sentar, ao seu carón, coma antes.

—E logo cando marchas, nena?

A súa voz soa trémula, coherente co seu pulso. A mosca xa non se sente bater.

—A semana que vén, avoa. Xa cho dixen catro veces —Calo, tarde de máis; síntome mal pola resposta que lle dei. Trago saliva, volvo falar—: Non te preocupes, imos pasar aínda moito tempo xuntas, xa verás.

—E logo como non vas para Santiago? Non che gusta alá?

A avoa sempre pregunta iso, cando come, cando se ergue e cando se deita. É coma se a vellez non lle quitase nunca a obsesión polos espazos dos demais, por querer ternos a todos sempre perto. Non contesto, só me limito a cambiar as pernas de posición, dereita sobre esquerda, e esquerda sobre dereita, paso as mans pola caluga e entrelazo os dedos deixando repousar a testa.

O papá entra no salón e di que a cea xa está lista, así que desfago a posición e camiño até o sillón e tento erguer a avoa, dándolle as mans.

—Veña, cariño —ánimoa—. Unha, dúas e...

—Tres —di ela mentres se ergue.

—A cear —fala o meu pai desde a cociña.

—Eu xa comín o iogur, nena —suplica ela—, non che teño fame ningunha.

—Veña mamá, nena, a cear —insiste o meu pai.

Camiño coa avoa polo corredor, apenas uns dez pasos até chegarmos á cociña. Amárroa polo brazo, procurando non a soltar para que non caia. O peso feble do seu corpo fame pensar en toda esa materia que se perde cando medramos. Cólloa das mans sentindo os aneis tintinar entre eles no groso dos dedos. Pasamos polo corredor devagar, a avoa deixando os seus pés bater contra o chan, arrastrándose. Eu levándoa polo cóbado e traéndoa contra min, con forza, coxa con coxa dando pasos miúdos. A cociña cheira a frito, e a luz do teito moléstame lixeiramente nos ollos. Xa na mesa, o papá córtalle os ovos, desfai a xema sobre as patacas fritas, que se tinxen de laranxa.

—Bótame aí un viño, anda, nena —di a avoa.

—Xa sabes, mamá, que coa pastilla non podes tomar viño, non pola noite —di o meu pai.

Porfían un cacho. Eu non interveño na conversa porque sei que o meu papel como neta limitábase a facer o que os outros me mandan, dar un pouco de amor e deitar a avoa. Non sei onde están os cartos, nin como se administran, nin tampouco as menciñas que ten que tomar cada día pola mañá e pola noite; nin sequera me ocupo de que come e cando. Soamente estou aí para soportar o peso do seu corpo. Hai uns meses, o papá dixera que sería bo que sacase o carné de conducir, así se algún día pasaba algo e era eu quen estaba na casa, podería servir para algo máis que para chamar por teléfono. «Servir para algo máis que para chamar por teléfono», iso dixo.

A avoa come un pouco do ovo coas patacas, case a metade queda do prato. Logo bebe un grolo de gasosa, que lle burbulla no vaso mentres o alza. Non quere a sobremesa que lle deixou na mesa o papá porque di que non lle gustan a lambonadas, que se a quero eu. Contesto que si, e parto en anacos o queixo para despois xuntalo co marmelo.

Despois acompaña a que se deite. Primeiro séntoa na cama, logo pídolle que abra as pernas e cámbiolle o cueiro. Malia que apenas ten masa muscular, erguer e mobilizarlle o corpo, calquera corpo, por lixeiro que sexa, é unha tarefa difícil. A pesar de que sexa tan fráxil que xa só conteña dentro o peso da gravidade. O papá vén axudar, e entre os dous somos quen de colocarlle o cueiro e metela na cama. A avoa queda durmindo debaixo da cruz que goberna todas as camas da casa.

—Nena —berra de repente tan pronto apagamos a luz—. Neeeeena.

Prendo a luz. A lámpada ilumina a figura da avoa toda acochada baixo a manta que ela mesma coseu hai anos. Lembrará que a coseu ela?

—Nena —Bríllalle o pelo, as engurras debúxanlle padróns sinusoides polas fazulas—. E logo cando marchas?

—Non marcho, avoa. Non marcho.

Doulle un bico na fronte, os meus beixos senten a pel dura, áspera. Antes de pechar a porta dígolle que a quero.

—Eu tamén te quero, bonita, moito.

Volto ao salón apurada, coma se quixese aproveitar eses minutos, esa media hora que aínda lle podou roubar á noite. Gústame o silencio, escoitar o vento zoar nas fiestras. Collo o mando e barullo un chisco por entre as vinte e tantas cadeas da tele. Cansa, busco o papá, que mira un vídeo no portátil sobre a mesa da cociña. Quedo un cacho canda el. O vídeo fala sobre linguas eslavas e o seu afastamento con calquera outra familia de linguas europeas. Noto como a información vén e vai pola miña cabeza sen quedar, sen ficar. Só o concepto de familia.

—E logo xa te vas deitar? —di o papá—. Non é moi cedo? —Mira para o reloxo da parede. Non son nin as once da noite.

Non lle contesto. Só fago un aceno así, coma o boneco do WhatsApp que abre as mans e finca os cóbados entre as costelas. O papá sorrime. Dáme un bico na fronte e as grazas por coidar da avoa. Logo dime que me quere, coa boca pequena.

—Eu tamén te quero, papá.

Non vou durmir para a cama. Eu tamén teño un portátil. Tamén teño plataformas para mirar películas. Deslizo o punteiro polas coleccións de documentais e calco enriba dun sobre a escritora Sylvia Plath. A poeta aparece na pantalla. É unha rapariga loura de ollada franca e compasiva, que se move nunha gravación antiga coma quen danza, cun vestido de tule branco e vaporoso. A voz en *off* conta a

historia de como os poemas de Plath non se tomaron en consideración ao principio. Perdo o sono vendo a película.

Cando me falta a metade escoito a voz da avoa, que berra: «Nena». Abro a porta do seu cuarto sen prender a luz desta volta. Fálolle desde lonxe, coa voz baixa.

—Que foi, avoa?

—Nena, cando marchas?

—Xa che dixen que non marcho, avoa. Durme, veña, fai o favor.

De camiño á cama vexo aínda acesa a luz da cocíña e imaxino o papá afundido nun dos seus vídeos sobre lingüística. Ao volver ao cuarto xa non me apetece seguir co documental de Sylvia Plath. Apago o portátil e fico mirando para o teito. A luz da mesa de noite aluma levemente a estancia e debuxa na parede un semicírculo brillante e amplo. Aínda que é venres, apenas se sente balbordo fóra só unha especie de murmurio. Supoño que alguén desafia o frío de xaneiro e está a facer botellón perto do meu edificio. Non é que haxa moitas máis opcións aquí para a xente nova. O bar ao que ía eu sempre coas amigas pechou. Con todo, hai xa tempo que non saio de noite. Non tanto porque teña que estar pendente da avoa, que desde hai un par de anos se volveu completamente dependente da familia, senón porque des que vivo fóra dáme menos xeito deitarme tarde aquí, andar de troula. Cando volto gústame mellor estar na casa, co meu pai e coa tía. Con ela.

Escoito de repente unha gargallada fóra. Unha pequena explosión de ledicia. Achégome á fiestra. Está a nevar. Leves folerpas que se descompoñen ao tocar o chan. Sinto as voces, pero non vexo a ningún. Abro a ventá, pero teño que pechala decontado porque vai moito frío. Queda no cuarto o recendo do petricor co que Allariz amencerá mañá. Men-

tres baixo a persiana de todo imaxino un Allariz conxelado e noto como se me acelera a respiración, seguro que pola friaxe que acabo de papar. Allariz no inverno, penso, é o lugar máis fermoso do mundo. Se cadra, este é o derradeiro inverno que paso con ela. Abaneo a cabeza buscando calor. Frego os brazos para espantar o arrepío e a pel de galiña.